

# O TESOURO DE SALOMÓN

SON FRANCISCO SÁNCHEZ, "O TUDENSE", MÁIS COÑECIDO COMO "O ESCÉPTICO" POLA MIÑA OBRA FILOSÓFICA. NACÍN EN TUI E VIVÍN EN DIFERENTES PARTES DO MUNDO. O MEU PAI, UN AFAMADO MÉDICO, DE QUEN HERDEI O AMOR POLA MEDICINA, SEMPRE ME CONTABA A HISTORIA DOS NOSOS ANTEPASADOS, OS XUDEUS.

DÍXOME QUE NO ANO 1492 OS REIS CATÓLICOS DECRETARON A EXPULSIÓN DOS XUDEUS DE TODOS OS SEUS REINOS. TIÑAN DÚAS POSIBILIDADES: CONVERTERSE OU MARCHARSE. MOITOS DELES RESISTÍRONSE A ABANDONAR A SÚA FE, E TIVERON QUE DEIXAR AS SÚAS CASAS, OS SEUS TRABALLOS E TODAS AS SÚAS RIQUEZAS.

TUI NON FOI ALLEO A ESTE FENÓMENO, E ALGÚNS CRUZARON O RÍO AO PAÍS VECIÑO. UN DELES, SALOMÓN, DECIDIU MARCHARSE, NON SEN ANTES ESCONDER OS SEUS BENS MÁIS PREZADOS, COA ESPERANZA DE PODER VOLVER ALGÚN DÍA. SALOMÓN NUNCA REGRESOU, E O SEU TESOURO NUNCA FOI ATOPADO. AXÚDASME A BUSCALO?

SÓ DEBERÁS RESPONDER ALGUNHAS PREGUNTAS, SER UN BO OBSERVADOR OU OBSERVADORA, E PASAR ALGUNHA QUE OUTRA PROBA. IRÁS PERCORRENDO PUNTO POR PUNTO A CIDADE, E COÑECENDO A SÚA HISTORIA A MEDIDA QUE AVANZAS ATÁ CHEGAR AO PUNTO FINAL: O LUGAR ONDE SE OCULTA O TESOURO!

## INFORMACIÓN DA RUTA:

DURACIÓN: 120 MINUTOS (APROX.)




PUNTO DE INTERESE XUDEU

PERCORRIDO



1

Sitúate debaixo do pórtico de entrada, e observa ben a todos os personaxes. Identificas a algún? Só os máis hábiles lograrán atopar ao espía. Á primeira ollada, ti non o ves, pero el non deixa de observarte. **Pista: Entre a virxe e o anxo atoparalo e pola súa barba recoñeceralo.** Ah! e vixía ben as túas costas.



2

Segue a frecha que te guiará no camiño ao seguinte punto. Neste edificio un museo atoparás, pero o teu labor será descubrir cal era a súa función orixinal. **Pista: Ten que ver co Camiño de Santiago.**



3

O concello debes pasar ata un peregrino na botica atopar. Segue a dirección que che indica e fíxate nas fachadas das casas, pois nunha delas dous homes barbados verás. **Pista: debes mirar cara ás alturas.**



4

Continúa o teu camiño e un gran edificio atoparás. Non teñas medo, a pesar de estar cheo de reixas, non é un cárcere. Investiga quen vive nel, e tenta pescudar o número que falta: 174\_. **Pista: Nos seus muros acharás a resposta.**



5

Un túnel tes que pasar sen a cuncha esquecer. Non te despistes coas bonitas vistas, pois o teu camiño debes continuar ata o lugar onde Santa Bárbara coa súa palma vaite saudar. Nesta zona abriase unha das grandes portas da muralla medieval. Cal era o seu nome?



“O Corpo Santo” debes seguir, e se te atopas canso ou fatigado, dime: a quen podes acudir para poder proseguir? **Pista: fíxate nas fachadas das casas e busca unha placa conmemorativa.**

6

Atravesa o túnel que á casa de San Telmo vaite levar, e descansa un pouco xa que unha inscrición debes buscar, pero non sen antes suar. Sube 21 chanzos para podela atopar.



7

Mira ao teu redor. No seguinte punto uns músicos vante esperar. Dime: Que instrumentos están a facer soar?

8

Nesta praciña a parte de atrás da Catedral verás, e nos seus muros tres contrafortes atoparás. No máis próximo ao cruceiro tenta dun lado ao outro pasar, sen a parede tocar (é posible que isto non o consigas, non pasa nada, o importante é tentalo pois, aínda que pareza fácil, non o é).

9

Para o teu camiño poder continuar, outro túnel terás que atravesar, e así ao cárcere chegar.

10

Segue a rúa das rocas ata o final, logo vira á dereita e con outro cárcere haste de atopar, e dime: en que ano se construíu? **Pista: No arco atoparás a resposta.**

11

Volve sobre os teus pasos e baixa a rúa ata o final. Alí unha casa na esquina verás. Busca nos seus muros as 4 cruces para poder continuar.

12

Na praza Fromista o Gran Teatro Principal poderás admirar. Que gran evento nel tivo lugar?

13

Segue a rúa pola que os coches non poden pasar. Presta atención, pois dúas cruces gravadas na 1ª casa do balcón debes atopar.

14

Camiña por esta rúa sen parar ata a unhas escaleiras chegar (mira de fronte e verás Portugal). Baixa ata o final sen descansar, e pola esquerda debes continuar, ata unha grande estrela no chan atopar.

15

Volve á rúa principal, e dime: cal era o seu nome no século XIX?

16

Na seguinte praza unha áncora grande verás, pero unha vara é o que ti debes buscar. **Pista: na xanela dunha antiga casa tes que mirar.**

17

Segue as frechas do camiño, elas marcaranche o teu próximo destino. Escolta con atención, xa que o son da auga darache a solución. Neste lugar hai un escudo de Tui, pero ao revés!!



Volve ao camiño para poder chegar ao lugar onde os monxes ían rezar. Nunha das súas portas debes buscar unha man que che vai indicar por onde continuar.




Á Alameda vas chegar e por un bonito estanque vas pasar. Goza do lugar e sube as escaleiras, que ao seguinte punto te van levar. Só un pouco debes andar, ata un xardín á túa dereita atopar. Busca entre as árbores a Sócrates, e dime: Cal é a mellor maneira de vivir?



Continúa subindo, e no alto atoparás uns cabalos de Juan Oliveira que sempre lembrarás. Sobre cantas patas están apoiados todos os cabalos?



Está preto o final, así que goza deste paseo monumental ata chegar ao Palco da Música. Alí deberás buscar a lúa. Cantas ves?



Vai pola rúa que está por detrás e un gran muro verás. Sígueo sen parar porque o lugar onde se esconde o tesouro, na seguinte parada vas atopar. O tesouro ocúltase baixo o lugar onde os xudeus ían orar.



FIN

22

21

20

19

18



UN CONSELLO: FÍXATE NAS MARCAS, NAS CARTELAS DOS EDIFICIOS E NOS SINAIS DO CAMIÑO, PRESTA ATENCIÓN E CANDO O NECESITES BUSCA A TÚA PROPIA INFORMACIÓN.

